



## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

| Código   | Centro     | Concello | Ano académico |
|----------|------------|----------|---------------|
| 15021469 | CIFP Leixa | Ferrol   | 2025/2026     |

### Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo         | Grao                            | Réxime                |
|-------------------------------|---------------------|---------------------------|-------------------------|---------------------------------|-----------------------|
| SAN                           | Sanidade            | CMSAN02                   | Farmacia e parafarmacia | Ciclos formativos de grao medio | Réxime de proba libre |

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

| Código MP/UF | Nome                                  | Curso     | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|---------------------------------------|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP0061       | Anatomofisioloxía e patoloxía básicas | 2025/2026 | 0                | 107          | 0              |

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

|                                |                                                      |
|--------------------------------|------------------------------------------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | FRANCISCO JAVIER PALOMO CAMPOS,ROBERTO VÁZQUEZ SANDE |
| Outro profesorado              |                                                      |

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultados de aprendizaxe do currículo                                                                                                                        |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| RA1 - Describe a organización xeral do corpo humano e identifica as unidades estruturais que o conforman en relación coa súa especialización.                 |
| RA2 - Localiza estruturas anatómicas en función dos sistemas convencionais de topografía corporal.                                                            |
| RA3 - Identifica e describe os elementos da doenza en relación coas manifestacións clínicas.                                                                  |
| RA4 - Describe a estrutura do sistema nervioso e do aparello locomotor en relación coa súa función e coas doenzas máis frecuentes.                            |
| RA5 - Describe a estrutura dos aparellos cardiocirculatorio, respiratorio e do sangue en relación coa súa función e coas doenzas máis frecuentes.             |
| RA6 - Describe a estrutura dos aparellos dixestivo e renal en relación coa súa función e coas doenzas máis frecuentes.                                        |
| RA7 - Describe a estrutura dos sistemas inmunolóxico e endócrino, así como do aparello reprodutor, en relación coa súa función e coas doenzas máis habituais. |

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

| Criterios de avaliación do currículo                               |
|--------------------------------------------------------------------|
| CA1.1 Detállouse a xerarquía desde a célula ao sistema.            |
| CA1.2 Describíronse a estrutura e a fisioloxía celulares.          |
| CA1.3 Clasificáronse os tipos de tecidos.                          |
| CA1.4 Detalláronse as características xerais dos tipos de tecidos. |
| CA1.5 Enunciáronse os sistemas do organismo e a súa composición.   |
| CA2.2 Describíronse os planos anatómicos.                          |



| Criterios de avaliación do currículo                                                                          |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CA2.6 Relacionáronse as estruturas anatómicas, os órganos e os sistemas, coa cavidade en que estean situados. |
| CA3.1 Definíronse os conceptos de saúde e doenza.                                                             |
| CA3.2 Describiuse o proceso dinámico da saúde á doenza.                                                       |
| CA3.3 Detalláronse os fundamentos da patoloxía xeral.                                                         |
| CA3.4 Citáronse as fases da doenza.                                                                           |
| CA3.5 Describíronse os cambios básicos das fases da doenza.                                                   |
| CA3.6 Describíronse as actividades clínicas relacionadas coa patoloxía.                                       |
| CA4.1 Detalláronse as bases anatomofisiolóxicas do sistema nervioso.                                          |
| CA4.2 Relacionáronse as actividades nerviosa, muscular e sensorial.                                           |
| CA4.3 Describíronse as bases anatomofisiolóxicas dos órganos dos sentidos.                                    |
| CA4.4 Definíronse as manifestacións e as doenzas neurolóxicas máis frecuentes.                                |
| CA4.5 Describiuse a estrutura dos ósos.                                                                       |
| CA4.6 Clasificáronse os ósos.                                                                                 |
| CA4.8 Describíronse os tipos e as características das articulacións.                                          |
| CA4.10 Describíronse a estrutura e os tipos dos de músculos esqueléticos.                                     |
| CA4.12 Detalláronse as lesións e as doenzas osteoarticulares e musculares máis frecuentes.                    |
| CA5.1 Detalláronse as bases anatomofisiolóxicas do sistema cardiocirculatorio.                                |
| CA5.3 Detalláronse os parámetros funcionais do corazón e da circulación.                                      |



| Criterios de avaliación do currículo                                                          |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------|
| CA5.4 Describíronse as doenzas cardíacas e vasculares máis frecuentes.                        |
| CA5.5 Definíronse as características anatomofisiolóxicas do aparello respiratorio.            |
| CA5.6 Describíronse as manifestacións patolóxicas e as doenzas respiratorias máis frecuentes. |
| CA5.7 Enumeráronse os compoñentes sanguíneos e a súa función.                                 |
| CA5.8 Describíronse os trastornos sanguíneos máis frecuentes.                                 |
| CA6.1 Describíronse as bases anatomofisiolóxicas do aparello dixestivo.                       |
| CA6.2 Detalláronse as características da dixestión e do metabolismo.                          |
| CA6.3 Definíronse as manifestacións patolóxicas e as doenzas dixestivas máis frecuentes.      |
| CA6.4 Describíronse as bases anatomofisiolóxicas do aparello renal.                           |
| CA6.5 Analizouse o proceso de formación dos ouriños.                                          |
| CA6.6 Describíronse as doenzas renais e os trastornos urinarios máis frecuentes.              |
| CA7.1 Describíronse as bases anatomofisiolóxicas do sistema endócrino.                        |
| CA7.2 Clasificáronse as alteracións endócrinas máis frecuentes.                               |
| CA7.3 Describíronse as características anatómicas do aparello xenital feminino.               |
| CA7.4 Relacionouse o ciclo ovárico co ciclo endometrial.                                      |
| CA7.5 Describiuse o proceso da reprodución.                                                   |
| CA7.6 Citáronse as alteracións patolóxicas máis frecuentes do aparello xenital feminino.      |
| CA7.7 Describíronse as características anatómicas e funcionais do aparello xenital masculino. |



| Criterios de avaliación do currículo                                                      |
|-------------------------------------------------------------------------------------------|
| CA7.8 Citáronse as alteracións patolóxicas máis frecuentes do aparello xenital masculino. |
| CA7.9 Analizáronse as características do sistema inmunolóxico.                            |
| CA7.10 Citáronse as alteracións da inmunidade.                                            |

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultados de aprendizaxe do currículo                                                                                                            |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| RA2 - Localiza estruturas anatómicas en función dos sistemas convencionais de topografía corporal.                                                |
| RA3 - Identifica e describe os elementos da doenza en relación coas manifestacións clínicas.                                                      |
| RA4 - Describe a estrutura do sistema nervioso e do aparello locomotor en relación coa súa función e coas doenzas máis frecuentes.                |
| RA5 - Describe a estrutura dos aparellos cardiocirculatorio, respiratorio e do sangue en relación coa súa función e coas doenzas máis frecuentes. |

### 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

| Criterios de avaliación do currículo                       |
|------------------------------------------------------------|
| CA2.1 Definiuse a posición anatómica.                      |
| CA2.3 Aplicouse a terminoloxía de posición e dirección.    |
| CA2.4 Enumeráronse e localizáronse as rexións corporais.   |
| CA2.5 Detalláronse e localizáronse as cavidades corporais. |
| CA2.7 Indicáronse os compoñentes das rexións anatómicas.   |



| Criterios de avaliación do currículo                             |
|------------------------------------------------------------------|
| CA3.7 Utilizouse con precisión a terminoloxía específica.        |
| CA4.7 Localizáronse os ósos no esqueleto.                        |
| CA4.9 Distinguíronse os movementos das articulacións.            |
| CA4.11 Identificáronse os músculos da anatomía.                  |
| CA5.2 Localizáronse os principais vasos sanguíneos e linfáticos. |

### **3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

#### **1. MÍNIMOS EXIXIBLES:**

RA1. Describe a organización xeral do corpo humano e identifica as unidades estruturais que o conforman en relación coa súa especialización.

-CA1.1. Detallouse a xerarquía desde a célula ao sistema.

-CA1.2. Describíronse a estrutura e a fisioloxía celulares.

-CA1.3. Clasificáronse os tipos de tecidos.

-CA1.4. Detalláronse as características xerais dos tipos de tecidos.

-CA1.5. Enunciáronse os sistemas do organismo e a súa composición.

RA2. Localiza estruturas anatómicas en función dos sistemas convencionais de topografía corporal.

-CA2.1. Definiuse a posición anatómica.

-CA2.2. Describíronse os planos anatómicos.

-CA2.3. Aplicouse a terminoloxía de posición e dirección.

-CA2.4. Enumeráronse e localizáronse as rexións corporais.

-CA2.5. Detalláronse e localizáronse as cavidades corporais.

-CA2.6. Relacionáronse as estruturas anatómicas, os órganos e os sistemas, coa cavidade en que estean situados.

-CA2.7. Indicáronse os compoñentes das rexións anatómicas.

RA3. Identifica e describe os elementos da doenza en relación coas manifestacións clínicas.



-CA3.1. Definíronse os conceptos de saúde e doenza.

-CA3.2. Describiuse o proceso dinámico da saúde á doenza.

-CA3.3. Detalláronse os fundamentos da patoloxía xeral.

-CA3.4. Citáronse as fases da doenza.

-CA3.5. Describíronse os cambios básicos das fases da doenza.

-CA3.6. Describíronse as actividades clínicas relacionadas coa patoloxía.

-CA3.7. Utilizouse con precisión a terminoloxía específica.

RA4. Describe a estrutura do sistema nervioso e do aparello locomotor en relación coa súa función e coas doenzas máis frecuentes.

-CA4.1. Detalláronse as bases anatomofisiolóxicas do sistema nervioso.

-CA4.2. Relacionáronse as actividades nerviosa, muscular e sensorial.

-CA4.3. Describíronse as bases anatomofisiolóxicas dos órganos dos sentidos.

-CA4.4. Definíronse as manifestacións e as doenzas neurolóxicas máis frecuentes. ¿ CA4.5. Describiuse a estrutura dos ósos.

-CA4.6. Clasificáronse os ósos.

-CA4.7. Localizáronse os ósos no esqueleto.

-CA4.8. Describíronse os tipos e as características das articulacións.

-CA4.9. Distinguíronse os movementos das articulacións.

-CA4.10. Describíronse a estrutura e os tipos dos de músculos esqueléticos.

-CA4.11. Identificáronse os músculos da anatomía.

-CA4.12. Detalláronse as lesións e as doenzas osteoarticulares e musculares máis frecuentes.

RA5. Describe a estrutura dos aparellos cardiocirculatorio, respiratorio e do sangue en relación coa súa función e coas doenzas máis frecuentes. -

-CA5.1. Detalláronse as bases anatomofisiolóxicas do sistema cardiocirculatorio. ¿CA5.2. Localizáronse os principais vasos sanguíneos e linfáticos.

-CA5.3. Detalláronse os parámetros funcionais do corazón e da circulación.

-CA5.4. Describíronse as doenzas cardíacas e vasculares máis frecuentes.

-CA5.5. Definíronse as características anatomofisiolóxicas do aparello respiratorio. ¿ CA5.6. Describíronse as manifestacións patolóxicas e as doenzas respiratorias máis frecuentes.

-CA5.7. Enumeráronse os compoñentes sanguíneos e a súa función.

-CA5.8. Describíronse os trastornos sanguíneos máis frecuentes.

RA6. Describe a estrutura dos aparellos dixestivo e renal en relación coa súa función e coas doenzas máis frecuentes.

-CA6.1. Describíronse as bases anatomofisiolóxicas do aparello dixestivo.

-CA6.2. Detalláronse as características da dixestión e do metabolismo.

-CA6.3. Definíronse as manifestacións patolóxicas e as doenzas dixestivas máis frecuentes.

-CA6.4. Describíronse as bases anatomofisiolóxicas do aparello renal.



- CA6.5. Analizouse o proceso de formación dos ouriños.
- CA6.6. Describíronse as doenzas renais e os trastornos urinarios máis frecuentes. RA7. Describe a estrutura dos sistemas inmunolóxico e endócrino, e do aparello reprodutor, en relación coa súa función e coas doenzas máis habituais.
- CA7.1. Describíronse as bases anatomofisiolóxicas do sistema endócrino. - CA7.2. Clasificáronse as alteracións endócrinas máis frecuentes.
- CA7.3. Describíronse as características anatómicas do aparello xenital feminino. ¿ CA7.4. Relacionouse o ciclo ovárico co ciclo endometrial. - CA7.5. Describiuse o proceso da reprodución.
- CA7.6. Citáronse as alteracións patolóxicas máis frecuentes do aparello xenital feminino.
- CA7.7. Describíronse as características anatómicas e funcionais do aparello xenital masculino.
- CA7.8. Citáronse as alteracións patolóxicas máis frecuentes do aparello xenital masculino.
- CA7.9. Analizáronse as características do sistema inmunolóxico.
- CA7.10. Citáronse as alteracións da inmunidade.

## 2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A proba organizarase en dúas partes unha teórica e outra práctica, que permitan evidenciar, baseándose nos criterios de avaliación correspondentes, se a persoa aspirante alcanzou os resultados de aprendizaxe establecidos para o módulo profesional.

- a) Primeira parte. Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Esta será cualificada de cero a dez puntos, cun máximo de dous decimais. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos e deberán superar todos os criterios mínimos exixibles.
- b) Segunda parte. As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Esta será cualificada de cero a dez puntos, cun máximo de dous decimais. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos e deberán superar todos os criterios mínimos exixibles.

As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumplan as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, se cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

Cualificación final: A cualificación final correspondente da proba de cada módulo profesional será numérica, entre un e dez, sen decimais. Obterase mediante da media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima.

No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.



#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

A cualificación final calcularase mediante a media aritmética das dúas probas, sempre que ambas estean superadas con 5 ou máis puntos e superados todos os criterios mínimos exixibles, dado o seu carácter eliminatorio.

##### PRIMEIRA PARTE DA PROBA:

. A proba teórica poderá incluír diferentes tipos de preguntas:

- tipo test,
- preguntas de verdadeiro ou falso,
- ou outros formatos obxectivos

. A puntuación máxima será de 10 puntos, e será necesario acadar un mínimo de 5 puntos e superar todos os criterios mínimos exixibles para acceder á proba práctica.

. Os erros penalizan, segundo o seguinte criterio:

. Cada dúas respostas incorrectas descontarán o valor dunha resposta correcta.

. As preguntas non contestadas non puntúan nin penalizan.

Instrucións xerais para a realización da proba teórica:

- Presentación puntual e identificación co DNI.
- Uso obrigatorio de bolígrafo azul ou negro non borrible.
- Non se permitirá o uso de dispositivos dixitais nin de corretores.
- O cabelo deberá estar recollido, por razóns de hixiene e visibilidade.
- Calquera conduta fraudulenta invalidará a proba



#### 4.b) Segunda parte da proba

- A proba práctica será de carácter escrito, terá un valor máximo de 10 puntos, e será necesario acadar un mínimo de 5 puntos para que conte na media final co resultado da proba teórica, dado o seu carácter eliminatorio.
- Consistirá na resolución de 10 cuestións curtas de tipo aplicado, centradas na identificación de estruturas, funcións e procesos fisiopatolóxicos básicos relacionados cos contidos do módulo.
- A proba avaliará a capacidade do alumnado para aplicar os coñecementos teóricos a situacións ou elementos concretos da práctica profesional.

Instrucións para a realización da proba práctica:

- O/a aspirante debe presentarse puntualmente e identificarse co DNI.
- Empregarase bolígrafo azul ou negro non borrrable.
- Non se permite o uso de dispositivos dixitais nin de corretores.
- O cabelo deberá estar recollido, por razóns de hixiene e visibilidade.
- Calquera conduta fraudulenta invalidará automaticamente a proba.